



## PLENO EXTRAORDINARIO DO CONCELLO DAS PONTES

### ADHESIÓN DO CONCELLO AO MANIFESTO DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL DAS PONTES

As Pontes, 10 de setembro de 2024.- A petición da nosa Plataforma, os grupos da oposición no Concello das Pontes solicitaron a celebración dun Pleno Extraordinario e monográfico, sobre a adhesión do Concello ao Manifesto da Plataforma en defensa do Patrimonio Industrial das Pontes, nomeadamente solicitando o mantemento dalgunhas instalacións da Central Térmica de Endesa e unha consulta pública á veciñanza.


A solicitude deste Pleno fíxose o 19 de agosto e por Lei, o Alcalde tiña até o 9 de setembro para convocalo, de non facelo voluntariamente, como é o caso, e cumprindo a lexislación vixente, a Secretaría Municipal procede a realizar a convocatoria, segunda prescribe calendario legal, para o **luns, día 23 de setembro, ás 12 h.**


Esta Plataforma tamén ten solicitado unha reunión conxunta co Alcalde e as voceiras dos Grupos Municipais, sen que até de agora tiveramos ningunha resposta da Alcaldía.

Por isto, e dada a importancia que ten para o presente e o futuro das Pontes a pretensión de Endesa de derrubar toda a Central Térmica, **facemos un chamamento público a asistir ao Pleno Extraordinario do luns, día 23 ás 12 h., na Casa do Concello.**


O noso futuro non se constrúe derrubando o pasado.

#### CONTACTO

 [plataformapatrimonioindustrial@gmail.com](mailto:plataformapatrimonioindustrial@gmail.com)

 [@plataformapatrimonioindustrial](https://www.instagram.com/plataformapatrimonioindustrial)

 [@PatrimonioAs](https://twitter.com/PatrimonioAs)

 [Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial das Pontes](https://www.facebook.com/Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial das Pontes)

